

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 24/01/2025 14:36:00) , Francisco Charlín Oróns (FECHA: 24/01/2025 19:03:00)

Versión imprimible

CVD: reUXHmzy7dCxtVlrWOP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 13 DE XANEIRO DE 2025

En Laxe, sendo as 14:30 horas do 13 de xaneiro de 2025, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS)

Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Non asisten:
Don Daniel Mata Martínez (PP)

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día:

1.-Aprobación do POS+adicional 1/2025 da Deputación Provincial de A Coruña, para gastos sociais extraordinarios. Expte. Núm. 2024/A008/000043.

Dase lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA
Asunto: APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2025 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS “POS+ ADICIONAL 1/ 2025”
Expte. Admvo. Núm.: 2024/A008/000043

A Deputación da Coruña aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2025 no que regula simultaneamente un POS+ ADICIONAL 1/2025 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, publicando as bases da convocatoria no BOP núm. 233, de 03/12/2024.

Na circular remitida a este concello pola Deputación Provincial da Coruña, consta que a cantidade asignada no POS+ ADICIONAL 1/2025 PARA gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025 é de 38.455,64 euros.

Con respecto a este plan, formúlase a seguinte proposta ao Pleno:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2025 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinario, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indican a continuación:

**Achega provincial
preasignada do
POS+ADICIONAL/20
25**

**Dato notificado que
figura no seu
expediente**

38.455,64 €

GASTOS SOCIAIS	PREVISIÓN DE	ESTIMACIÓN	ESTIMACIÓN	IMPORTE	OUTROS
----------------	--------------	------------	------------	---------	--------



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

EXTRAORDINARIOS 2025	GASTOS 2025	DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	SOLICITADO POS+ADICION AL 2025	RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	37.345,63 €		37.345,63 €	37.345,63 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i					
Investimentos: Tipoloxía j	1.110,01 €		1.110,01 €	1.110,01 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	38.455,64 €	0,00 €	38.455,64 €	38.455,64 €	0,00 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	37.345,63 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	1.110,01 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	38.455,64 €

2. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.
3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Procédese ao debate no que se producen as seguintes intervencións que se recollen de forma resumida.

Intervén o concelleiro do Grupo Mixto, Don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS manifestando que lle parecen unhas inversións necesarias pero pouco ambiciosas, que o importe de emerxencia social lle parece escaso, así como a destinada a personal técnico, que son axudas benvidas pero insuficientes. Di que o SAF segue en precario e que debe ser licitalo xa que se incorre en presunta ilegalidade, e lamenta que no punto I figuren 0 € (material para persoas sen recursos, como grúas, camas articuladas) e tamén lamenta que a Diputación non poña unha partida para a posta en marcha do PAI.

Intervén o concelleiro do Grupo Mixto, Don Francisco José Castro Vidal, representante do PsdeG PSOE manifestando que entre o equipo informático e a contratación de persoal, xa se vai o 50% do financiamento. En canto ó servizo de podoloxía manifesta que lle parece excesivo e que ademais antes se desprazaba un autobús (da Xunta) que realizaba o servizo de xeito gratuíto.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) explica que para o servizo de podoloxía se solicitan tres ofertas e se escolle a mais económica.

Intervén dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG manifestando que entende que o recollido no informe de servizos sociais son cousas necesarias, que aínda que lle parecen poucos cartos, respecta o que consta no informe social.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Hai unha breve discusión sobre o financiamento que debería prestar tanto o Estado como a Xunta e o alcalde manifesta que a financiación do POS non se pode destinar para o PAI.

Tras breves intervencións sométese o asunto a votación.

VOTOS A FAVOR: 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo).

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 5 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Castro Vidal representante de PSdeG PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)].

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

Primeiro. Participar no Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2025 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinario, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indican a continuación:

**Achega provincial
preasignada do
POS+ADICIONAL/20
25
Dato notificado que
figura no seu
expediente**

38.455,64 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICION AL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	37.345,63 €		37.345,63 €	37.345,63 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i					
Investimentos: Tipoloxía j	1.110,01 €		1.110,01 €	1.110,01 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	38.455,64 €	0,00 €	38.455,64 €	38.455,64 €	0,00 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	37.345,63 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	1.110,01 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	38.455,64 €



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Segundo. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

Terceiro. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 14:43 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a Secretaria, a presente Acta que asina o alcalde; para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.